



TurismodeOurense.com

REVISTA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA Nº1 XANEIRO 2010

Fai un alto no Camiño

Este Xacobeo 2010 é o momento para descubrir Ourense. Submérxete nos encantos que a cidade das augas ofrece. Ourense é espectacular. Un goce para os sentidos!

O novo recinto feiral

Vanguardia e tradición únense. Un proxecto espectacular que transformará o antigo Campo da Feira nun lugar non só para comer polbo, senón tamén para desfrutar do río.

As nosas recomendacións

Para comer, tomar algo e descansar. En Ourense hai de todo, moito e moi bo.

Viver Ourense con... Ana Garza

Este espazo quere descubrir esas mil e unha Aurias que se agochan tralas pegadas dos seus habitantes.





Fotomontaxe da Praza Maior enviada por Tim McCall, peregrino inglés.

Ourense, Vía da Prata

"Aínda que se cadra á xente lle pase desapercibida, chamoume moito a atención a inclinación que ten a Praza Maior de Ourense. Para os que como min, somos amantes da fotografía, esta peculiaridade ofrece un montón de posibilidades. Pasei unha noite facendo probas e ao final conseguín esta foto que vos envío, agardo que gostedes".

Tim McCall é un peregrino inglés que viaxou desde Londres até a fronteira francesa para percorrer, por segunda vez, o Camiño a Compostela. No percurso decidiu desviarse até Ourense "porque algúns dos peregrinos galegos que atopei faláronme moito e ben das termas aquí, picabame a curiosidade". No seu correo explicaba o moito que gostou das termas da Chavasqueira e Outariz e transmitíanos a súa intención de facer unha nova viaxe á Cidade das Augas para desfrutar con mais vagar delas.

Tim é un máis dos centos de peregrinos que cada semana chegan a Ourense, a maior parte deles a traves da Vía da Plata, e fan un alto no camiño a Compostela para descansar, coller forzas e aproveitar para coñecer esta cidade de auga e pedra.

Mas non cumpre ser peregrino ou turista para coñecernos, simplemente ser curiosos e, por cima de todo, unha persoa que disfrute viaxando e descubriendo novos paraísos.

Poden ser persoas interesadas na riqueza termal, viaxeiros de mesa posta, amantes do bo viño e mellor xantar ou apaixonados da arte románica, do que Ourense é un gran museo.

A todos eles diríxomonos nestas páxinas, que lles adicamos para que sirvan como carta de presentación dunha cidade que, sabemos, non deixará de sorprendellos na súa visita. Gustaríanos saber como foi a súa viaxe, que lles impresionou e que lles emocionou desta vella Auria.

Benvidas, benvidos, desfrutade da vosa visita e non esquezades contarnos ás vosas impresións.

Gostaríamos de saber como foi a vosa viaxe, que vos impresionou e que vos emocionou desta vella Auria. Benvidas, benvidos e desfrutai da vosa visita e non esquezades contarnos ás vosas impresións.

Envía as tuas experiencias e opinións a:
turismo@ourense.es

➔ Axenda

Patrocina

calDaria
Hoteles y Balnearios



Entroido 2010

Despois do fin de ano, logo logo ven o entroido. Esta festa vivese en Ourense de xeito especial. Dias de festa rachada, bo comer e beber e estar con xente amiga, aínda que non se coñeza de nada.

Dias de vivir na rúa, desfrutar da música charanguera e darlle alegría ao corpo antes de que chegue dona Cuaresma.

MÁIS INFORMACIÓN:
www.turismodeourense.com



Auditorio

Unha programación para todos no epicentro da vida cultural ourensá. Teatro, cinema, congresos, eventos... Todo colle neste espazo, un dos que fai que en Ourense sempre haxa algo bo que facer.

Consulte a programación de maneira habitual. Sempre haberá algo do que gostes.

RESERVAS E MÁIS INFORMACIÓN:
www.turismodeourense.com



Sen Batuta

Ao longo de todo o ano, os primeiros xoves de cada mes Ourense acolle o mellor da música de cámara actual. Recoñecidos intérpretes do panorama internacional visitan a cidade para dar a coñecer esta curiosa disciplina da música culta. Doric Tring Quartet ou Percadu son as primeiras citas interesantes no comezo de ano. (www.senbatuta.com)

RESERVAS E MÁIS INFORMACIÓN:
www.turismodeourense.com



Un alto no Camiño

Unha pausa para os peregrinos que poden descubrir no centro histórico, as rúas empedradas, as prazas de pedra con arcos ou as igrexas románicas.

Para reporse da dureza do Camiño nada mellor que un baño nas augas termais. E se fai noite, parada no albergue situado no Convento de San Francisco.

MÁIS INFORMACIÓN:
www.turismodeourense.com



Estamos convencidos de que Ourense hai moitos e moi diferentes, todo depende do ollo de quen as mire. Este espazo quere descubrir esas mil e unha Aurias que se agochan tralas pegadas dos seus habitantes. Estreámonos da man dun dos veciños que máis goza e padece Ourense, xa que das súas decisións depende boa parte do desenvolvemento económico da cidade. Seguimos os pasos de Ana Garza Cortiñas, desde hai dous anos a muller responsábel das áreas de Comercio, Turismo e Termalismo no Concello de Ourense.

"Ourense é capital termal, cidade monumental e un lugar de shopping"

"Creo que a Praza da Magdalena é un dos lugares con máis maxia desta cidade e, por desgraza, unha gran descoñecida".



"Se tivera que escoller un sitio que amosar a un amigo que ven de visita, sen dúbida comezaría coa Praza Maior, aínda que só sexa porque é sede do goberno municipal, e paso nela máis tempo do que quixera". Presidida polo edificio do Concello, a Praza Maior foi e é o epicentro da vida ourensá por excelencia. Símbolo da arquitectura civil do XIX, a súa pranta é cadrada e está enmarcada por soportais en pedra nos que descansan edificios decimonónicos de balconadas e cristaleiras. Sempre viva e sempre animada, a Praza Maior é marco de festas e espectáculos, e quizais a eso se deba a súa situación inclinada, característica singular desta praza que a convirte en anfiteatro improvisado.

Contigua á Praza Maior álzase a Igrexa de Santa María Nai, á que accedemos por unha monumental escaleira de pedra. No seu patio agóchase un dos segredos mellor gardados da cidade. "Creo que a Praza da Magdalena é un dos lugares con máis maxia desta cidade e, por desgracia, unha gran descoñecida. "Desde que son Concelleira en Ourense loitei por instalar nela algún negocio de restauración, e finalmente parece que o conseguín". De ser así, a Magdalena continuaría a súa tradición gastronómica, xa que no século XIX este

"Tomar algo na Praza Maior é un auténtico luxo asiático e é unha das cousas os nosos visitantes comentan e valoran".



foi lugar de mercado de frutas e verduras. A Magdalena hoxe é sinónimo de paz e silencio no bullicio do Casco Histórico, un alto no camiño, non en van foi antigo cemiterio da cidade, como testemuñan

"A rúa do Paseo non perdeu seu nome nen nos anos duros do Franquismo. Sempre foi o Paseo".

as lápidas medievais que aínda se conservan. No seu centro, un singular cruceiro do século XVIII concentra todas as miradas.

Sen deixar o Casco Histórico, a nosa anfitrióna convidanos a sentar nunha das terrazas baixo muros de pedra e descansar mentres tomamos un viño, un refresco ou o que se tercie. Estamos nos Viños, o entreteido de rúas nos aledáños da Catedral onde se move a noite ourensá entre boa comida e mellores caldos. "Cando o tempo acompaña, tomar algo nunha destas terrazas é un luxo". A oferta de veladores atraves a cidade

vella, desde a Praza do Ferro até a Praza Maior e é preto desta última onde Garza decide tomar asento. É mediodía e hai que coller forzas para a seguinte parada.

É unha cidade moi completa e hospitalaria.

Convidaría a calquera a descubri-la.

Na Concellería de Turismo entendemos Ourense de tres xeitos, como centro termal, monumental e, como non, de compras". O shopping en Ourense é, igual que os Viños, rito imprescindible que ninguén debería perder. A rúa do Paseo, arteria peonil da cidade, é tamén buque insignia da calidade comercial ourensá. Pasear por ela é percorrer os mellores establecementos de firmas nacionais e internacionais en perfumería, complementos e, sobre todo, moda. Pero ademais é o gran foro da cidade e calquer evento que se precie haberá de pasar sempre por aquí. "É unha rúa con personalidade. Ao longo dos anos nunca mudou o seu nome, sempre foi o Paseo". Mentres nos imos detendo a cada paso nos escaparates, Garza sorrí e chisca un ollo: "Tamén son concelleira de comercio, non podía evitar rematar o tour aquí".





Ourense, cidade das augas

Ourense non ten mar. Nen falta que fai. A súa riqueza termal, 5 millóns de litros de auga manando a diario das súas máis de 70 surxencias están a converter esta cidade nun referente no turismo termal europeo.


En outubro de 2009, a Sección de Vilas Termais da Federación Española de Municipios recoñecía o seu potencial e escolliu Ourense como lugar da que será o seu noveno encontro anual. Ourense promete non defraudar; as súas termas e caldas acrescentámoslle un entorno envexable, un patrimonio artístico único, unha gastronomía de luxo e xa temos a fórmula do éxito. Este 2010 a auga ten nome propio, Ourense.

Representantes de 160 cidades e vilas de todo o Estado teñen este ano unha cita ineludible en Ourense. A cidade que en 2007 foi declarada de xeito unánime Capital Termal de toda Galicia será agora a anfitroia do noveno Encontro de Vilas Termais que cada ano organiza a FEMP.

Os concellos que apoiaran a súa candidatura na reunión celebrada na vila andaluza de Lanjarón souberan recoñecer o futuro dunha cidade no cruzamento dos ríos Miño e Barbaña onde a arte románica, natureza, gastronomía e moda mestúranse coa auga termal para criar un lugar único onde relaxarse e desfrutar. Alén diso, esta honra chega por dereito propio; Ourense co seu imenso océano subterráneo que aflora á superficie en decenas de mananciais, é un dos maiores produtores de auga termal de Europa, só por tras de Budapest. Para facerse unha idea, basta un dato: un balneario común abastécese cunha surxencia de dous ou tres litros por minuto; en Ourense, as nosas Burgas botan polos seus canos cada minuto até 300 litros de auga que pode chegar aos 60°C. Non é mal comezo.



A ponte romana



As Burgas



As Burgas é símbolo indiscutible da nosa cidade.



As Burgas é o mellor comezo para o visitante que chega a Ourense. Alén de ser o seu monumento máis internacional, estas fontes termais son en si mesmas unha lección de historia, pois en redor delas foise tecendo, desde tempo do Imperio Romano, a cidade que hoxe é Auria. En cualquier postal fica a estampa da Burga de Abaixo, a máis coñecida, un conxunto neoclásico de tres canos coroado polo escudo da cidade. O que o turista non sempre



sabe é que xusto o carón, perto da Burga de Cima, xaz un tesouro arqueolóxico sen igual na península. As excavacións puxaron os restos do que foi unha antiga piscina termal, datada no século I a.C. testemuño de que en Ourense a paixón pola auga ven de vello. Os romanos puxeronlle a este primitivo asentamento o nome de Aquae Aurante, lugar de auga e ouro, e foron os pioneiros no disfrute das bondades dos seus mananciais. Hoxe esta instalación ten a súa herdeira directa, unha monumental piscina termal neste espazo onde tomar un baño e relaxarnos en pleno corazón do Centro Histórico. Un luxo ao alcance de todos que non se pode rexeitar.

Das Burgas parte unha ruta termal urbana que nos traslada ás beiras do río Miño, espiña dorsal da cidade en redor da cual foi medrando cos anos. Atravesando a Ponte do Milenio, un dos moitos de cosen Ourense dunha beira a outra, comezamos un paseo de saúde e benestar onde a natureza surxe, fértil e exuberante, a poucos metros da pedra e o asfalto.

Por diante esperámos máis de 4 quilómetros de percurso na marxe dereita do río onde pararnos a "tomar as augas". Se o corpo resiste, sempre podemos continuar o noso camiño cruzando a pasarela de Reza que une ambas beiras e voltar polo lado esquerdo; percorrendo até 15 quilómetros de natureza.

Auga, pedra e enerxía

Para non desviarnos, facemos a primeira parada nos baños da Chavasqueira. Neste miradouro ao Miño conviven piscinas termais ao ar libre, gratuítas e sen horarios cun pequeno balneario privado inspirado na cultura da auga do Xapón e o espírito Zen. As instalacións da Chavasqueira son para bañarse ao ceo raso, faga frío ou calor e deixarse levar polo son envolvente do Miño, que sempre nos acompaña. As infraestruturas son reducidas ao mínimo no circuito privado: un pequeno templete de inspiración sintoísta presiden un xardín de pedra con tres piscinas conectadas en cascada por un cano de madeira.

Seguindo a rota marcada, os nosos pasos levámonos até a fonte do Tinteiro; onde un sempre se sorprende polo gran número de persoas que acoden atraído polas súas supostas bondades curativas. Son, sen dúbida, as caldas de maior tradición da cidade, da que din os veciños que ten máis *ourensanía*. A partir de aquí aconsellamos



Complexo termal de Outariz

quitarse os zapatos, antes de chegar ao Muiño da Veira, catro espléndidas piscinas practicamente imersas no río, sempre tranquilas e con pouco movemento de xente, un a de cruzar o *Xardín dos pés descalzos*. Hai que probar. Cando se deixa atrás o tradicional muiño de auga, recentemente recuperado, o que lle deben o seu nome as piscinas do Muiño da Veiga, álzase a Estación Termal de Outariz, irmá maior da Chavasqueira, onde continua presente ese principio oriental que mestura auga, pedra e enerxía. Nesta instalación privada un ten ao seu dispor sete piscinas ao ar libre, sauna e instalación de hidromasaxe. E se a fame aperta, sempre pode desfrutar dun bo petisco na súa cafetería, na que a súa esplanada ten unha das vistas máis fermosas de Ourense sobre o Miño que se poidan encontrar.

Finalmente, e antes de atravesar o río ou voltar sobre os nosos pasos, non podemos deixar de probar a auga a uns 60°C das piscinas públicas de Outariz 1 e 2. É o complexo máis grande de todos os que recorrimos, o máis espectacular e tamén o máis transitado. Chegados aquí, un punto de información ao turista axúdanos a preparar o resto da nosa visita en Auria ou, se o tempo acompaña,

alugar unha maca para desfrutar dun baño de sol. Ourense non remata aquí. A poucos quilómetros do centro encóntranse algúns dos mellores balnearios da comunidade como Laias ou Arnoia e a propia cidade merece o esforzo de ser descuberta, por ser unha das mellores vitrinas da



Os romanos foron pioneiros no disfrute das bondades dos seus mananciais.



moda galega, satisfacer os padais máis exixentes ou simplemente, para perderse polas súas rúas e prazas de pedra. Pero Ourense é, sobre todo, auga: a das súas termas, as súas fontes e os seus ríos. Un lugar para perderse que non pode ser máis que a Cidade das Augas.



Un momento para o relax

Termas A Chavasqueira
Teléfono 988 21 48 21
Martes a Xoves 9 a 23.30 h, Vernes 9 a 3 madrugada, Sábado 10 a 3 madrugada, Domingo, 10 a 23.30 h
<http://www.termaschavasqueira.com/>

Estación Termal de Outariz
Teléfono 988 36 46 50
Luns, Mércores e Xoves 11:00 a 22:30H

Vernes e Sábado: 10:00 a 1:00H
Domingo: 10.00 A 22.30H
<http://www.termasoutariz.com/>



As nosas recomendacións

Para gozar dunha boa cea, tomar unha copa, pasar a noite...En cada número de TurismodeOurense.com faremoste chegar ás mellores opcións para gozar da ampla oferta de servizos ourensana.



Hotel Auriense

Aínda que poida parecer un pouco lonxe, quen xa visitou o hotel Eurostars Auriense sabe que os apenas 5 minutos en coche que o separan da cidade ben merecen a pena. Polo seu enclave natural de fermosas paisaxes e a súa aposta pola modernidade, este establecemento de 5 estrelas e as súas 134 habitacións aseguran ao viaxeiro unha estancia tranquila e con todos os servizos que precise. Piscina descuberta, salas de reunións, bussines centre e xardíns veñen completar unha oferta na que destaca o seu restaurante, cuxa cociña bebe da mellor gastronomía tradicional galega.

Alto do Cumial, 12
Tel. +34 988 234 900
www.eurostarsauriense.com



Café Latino

Templo do jazz ourensán, o Café Latino é un deses lugares emblemáticos que ningún visitante debería deixar de coñecer. Desde 1986 este local, situado na fermosa praza de Santa Eufemia, leva programando algunhas das mellores actuacións de jazz da península e a súa sona traspasa fronteiras. Boa conta desto dan as fotografías que decoran as súas paredes, mestres do jazz que conviven con exposicións pictóricas. Un local clásico e acolledor ideal para a primeira copa da noite ou o café de media mañá. En verán, a súa terraza é unha das máis cobizadas do Casco Histórico.

R/ Santa Eufemia, 7
Tel. +34 988 226 721
www.cafelatino.es



Fuentefría

Na ampla ruta de tapeo que Ourense ofrece, parada obligatoria debería ser sempre o Fuentefría; pequeno local de gusto tradicional do que din que cada pincho é unha obra mestra. Resulta difícil escoller, pero os propios ourensáns parecen decantarse polo os seus pinchos de xamón asado, as empanadas de zamburiñas, a zorza con costela ou mesmo as anchoas, de calidade insuperábel. Acompañen a comida cun bo viño ou, se apetece, unha xarra de sangría, ideal para as noites de verán.

R/ Viriato, 6



A Taberna

Unha antiga casa restaurada no corazón do Casco Histórico é onde Javier Outomuro, chef da Taberna, fai as delicias dos padraes máis esixentes que se achegan ao seu establecemento. Cocina tradicional galega caracterizada pola calidade das súas materias primas e con sabias incursións na modernidade combinada cunha carta devinos ampla e moi ben escollida. Entre as súas especialidades máis apetitosas destacan o chuletón de boi ou excelentes peixes galegos cociñados á sal ou no forno. Se a visita cae en tempada, un prato de caza e setas sempre é unha aposta segura.

R/ Julio Prieto Nespereira, 32
Ourense
Tel. +34 988 243 332



Vista do resultado final desde a outra beira do río Miño

Os números da nova Feira
Máis de 1 millón de euros de investimento.
Liberados 15.000 m² para poder disfrutar comendo e paseando.
Creación dun restaurante e servizo de bar permanente con 90 prazas.

Vanguardia e tradición únense. O noso *Campo da Feira*

Desde tempos remotos, a cidade de Ourense vítese de feira os días 7 e 17 de cada mes. Veciños e visitantes levan anos acudindo a unha cita na que todo é ritual; degustar o tradicional polbo e a carne ao caldeiro ou aproveitar para facer compras de sementes, plantas, roupa, artigos de ferretería ou o que cada un queira atopar. Foron moitos os lugares onde a tradicional feira de Ourense estivo instalada ao longo da historia. Sempre viva, herdeira directa daqueles antigos mercados de compra e venda de gando e ponto de reunión das xentes da cidade, algún aínda lembran cando se celebraba, non sen barafunda, no actual pabellón deportivo dos Remedios. Desde fai 30 anos a feira ocupa un espazo privilexiado nas beiras do Miño, ao carón dos mananciais termais, mas permanecía isolada por imponentes muros; unhas moles que foron derribadas para deixar paso a un espazo diáfano que se integre no seu entorno. A pasada primavera, a Concellería e Industria de Ourense puxo a andar un ambicioso proxecto arquitectónico que transforma radicalmente este espazo e abre ao río, convertíndoo nun elemento máis da oferta turística e termal das beiras do Miño no seu paso por Ourense. Os arquitectos Carmen Mazaira e Tomás Valente idearon para este espazo unha gran cuberta polidráulica que abraza o espazo onde, entre carballos e eucaliptos, fan o seu negocio as polbeiras e taberneiros. A idea, din, é xeran unha unidade, crear un Campo da Feira para todos.



Recreación en 3D do interior do restaurante

reunión. Alén disto, o novo Campo da Feira quere ser un referente de modernidade e das capacidades termais de Ourense; un espazo entre augas onde esta sexa o elemento protagonista. No proxecto, os arquitectos incorporaron un novedoso sistema de aproveitamento xeotérmico: a auga quente, a auga termal a máis de 50°C que brota polo noso chao, será canalizado para alimentar un sistema de aquecemento por chao radiante. É máis, as augas pluviais tamén serán aproveitadas, recollidas e reutilizadas para traballos de limpeza.

O futuro recinto feiral de Ourense acollerá non só as funcións que lle corresponden por tradición. A estrutura prevee a instalación dun restaurante e dun parking para os visitantes, alén de deixar espazo para concertos e demais actividades culturais. Con isto preténdese recuperar a filosofía máis características destas feiras, a de ser un lugar de

Materiais naturais, madeiras e granitos en perfecto diálogo para reconstruír un espazo que xa é patrimonio de todos os ourensáns e que convidamos ao turista a coñecer. Para comer un bo polbo, os días 7 e 17, disfrutando da beleza do Miño.



Vista traseira do espazo da Feira

Directorio de Recursos

Estacións
Estación Renfe Ourense Empalme
R/ Eulogio Gómez Franqueira s/n
Teléfono: 902 240 202
Compra o teu billete <http://www.renfe.es/>
Horario Venta Anticipada de Billetes:
07:00h. a 13:45h. y 14:30h. a 21:45h.
Estación de Autobuses de Ourense
Estrada de Vigo-Nac. 120, nº 1
Teléfono: 988 216 027
Horario Estación: 04:00h. a 00:30h.

Aeroportos
Aeroporto de Peinador (Vigo)
Teléfono: 986486561
Aeroporto de Lavacolla (Santiago)
Teléfono: 981547500
Aeroporto de Alvedro (A Coruña)
Teléfono: 981187200

Teléfonos de interese
Teletaxi 988 21 00 11
Emerxencias 112 **Garda Civil 062**
Insalud 061 **Bombeiros 112**
Policia Nacional
091 **Trafico Ourense**
Policia Local 092 988 23 43 11

Autobuses urbanos
Información das liñas de autobuses urbanos
Teléfono: 988 510 672

Estación de RENFE. Liñas 1, 3, 6, 8, 12, 15, 33
Estación de Autobuses. Liñas 6, 12
Parque San Lázaro. Todas as liñas
Alameda e Posío. Todas excepto 5
Complejo Hospitalario. Liñas 3,4,6,9,13,15,18,22
Pazo de Deportes. Paco Paz. Liñas 1, 2, 12, 14, 16, 33
Seixalbo. Liñas 1,2,14,33
Cumial. Liñas 33,14
Oira. Línea 11
Mende. Liñas 9,10
Quintela. Liñas 1,3,33,15,17
Avda. Santiago. Liñas 2,22,14,16
Campus. Liñas 9,10

Aparcamentos
Aparcamentos Ourense
Paseo, 22 - Telf.- 988 24 51 05
Aparcamentos Torre
Saenz Díez, 36 - Telf.- 988 37 04 94
O Progreso
Progreso, 76 A - Telf.- 988 37 14 34

Parking Juan XXIII
Juan XXIII s/n Telf.-988 37 47 00
Parking Progreso
Progreso, 135 Telf.-988 37 00 31
Parking Alameda
Alameda do Concello, s/n Telf.- 988 25 58 17
Parking Diagonal
Juan XXIII, 19
Parking Mercedes
Arturo - P. Serantes,4 Telf.-988 24 58 52
Praza S. Antonio
Ramon Cabanillas Telf.-988 22 29 31
Complejo Hospitalario
Ramón Puga Telf.-988 23 94 97
Mexicano
Dr. Fleming, 10 Telf.-988 23 79 50
Roma
Reza, 18 Telf.-988 22 30 80
DOE
Dr. Fleming Telf.-988 24 29 31

Aluguer de coches
Alejandra Santos
Marcelo Macias,57 bajo
Telf.-988 24 50 12 - Sd-car@munido-r.com
Asa
N-525,KM.700.Pol. Barreiros
Telf.-988 36 31 16 - central@alquiservicios.es

ATESA
Estación de Autobuses Telf.-988 21 71 79
Auto Rent
Estrada Vigo, n.89,Bajo Telf.-988 22 92 15
Autos Brea
Habana,19 Telf.-988 37 06 61
Avis
Habana, 39 Telf.-988 37 27 31
Eurocap
Estación Renfe Telf.-988 37 39 97

Tren das Termas
Itinerario de Ida: Praza Maior,Rúa Colón, Posío, Vilar, Barreira, Praza Maior, Paseo, Parque San Lázaro, Habana, Ponte Romana, Ribeiriño, Campo da Feira, Chavasqueira, Paseo Termal, Muiño da Veiga, Outariz.
Itinerario de Regreso: Área Termal de Outariz, Muiño da Veiga, Paseo das Termas, Chavasqueira, Entrada Campo da Feira,Ribeiriño, Ponte Romana,Rúa Concello, Parque San Lázaro, Santo Domingo, Praza do Ferro, Praza Maior, Colón, Posío, Vilar, Praza Maior.

Horario de Verano
Ida: Todos os días 10h, 11h, 12h, 13h, 16h, 17h, 18h, 19h, 20h.
Regreso: Todos os días 11h, 12h, 13h, 14h, 17h, 18h, 19h, 20h, 21h.

TurismodeOurense.com
REVISTA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

Edita:
Concellería de Turismo, Termalismo, Comercio e Industria. Concello de Ourense.
www.turismodeourense.com

Textos: **Gabinete de Prensa da Concellería**
Fotografías: **Concellería de Turismo e Termalismo, María X. Castro (Foto Taberna), Tim McCall e Wikimedia Commons.**

Dépósito legal:
© Concellería de Turismo, Termalismo, Comercio e Industria. Concello de Ourense. 2010.
Está prohibida la reproducción total o parcial de esta publicación sin la autorización previa.

ourense
capital termal
PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUCTO TURÍSTICO DE OURENSE

concello de ourense
turismo termalismo comercio industria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

GOBIERNO DE ESPAÑA
Ministerio de Turismo

GOVERNHO DE GALICIA
Dirección Xeral de Turismo

EUROPEAN UNION



EFAR, S.L.
CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

Obra civil e pública
Reformas comerciais
Deseño e decoración

R/ Ribeira de Canedo, 4 baixo
32001 Ourense
988 218 520 · 619 313 101
tefar@tefar.es